



O VENRES, día 11 de novembro, se non chove, imos celebrar o **MAGOSTO**. Se chove faremolo o primeiro día que escampe. Faremos xogos, tiznaremonos, bailaremos, en fin, procuraremos pasalo o mellor posible. Cada curso terá o seu bidón e a súa tixola para facer o lume. **A PARTIRES DO MARTES, 8**, os nenos e nenas teñen que aportar un **cuarto de kilo de castañas**, aprox, **XA FURADAS – IMPORTANTE**-, para que non estoupen e tamén **leña**, debendo ser delgada, para que queime máis axiña (caixiñas de madeira da froita, pauciños,...) É mellor que este día traian roupa o máis cómoda posible e que non haxa problema con manchala. Cóntenlle aos nenos e nenas como celebraban vostedes o Magosto, se o facían, onde, como, etc para que eles e elas tamén vaian coñecendo a nosa historia e a importancia das castañas na vida dos galegos e galegas e axuden a coñecer as zonas de castiñeiros que temos, defendendo unha natureza sostible e unha cultura que non podemos perder.



O **CASTIÑEIRO** (Castanea Sativa) debe o seu nome á antiga cidade de Kastania, na península turca de Anatolia. Pode medrar cultivado ou asilvestrado. É unha árbore de folla caduca que vive entre o mar e os 1000m. de altura. As follas son longas, grandes e de beiras dentadas, con peciolos curtos que lle caen todos os anos polo outono. A flor chámase **CANDEA** e cando está florida atrae moito ás abellas. Os froitos son os **OURIZOS**, verdes, que regañan soltando as castañas. Moitos xuntos fan un **SOUTO**. A súa madeira é moi apreciada en mobles, portas, etc.



Nalgunhas zonas de Galicia guíndanse os ourizos ao chan coas baloiras, logo amoréanse nas ouriceiras, písanse e cando abren, cóllense e lévanse ao canizo para que sequen. Noutras zonas apáñanse directamente do chan, diariamente pois os xabaríns e as corzas acaban con elas.

A **CASTAÑA** é rica en vitaminas B, B, PP e C., mesmo asada ou cocida non perde a vitamina C. É pobre en sodio e rica en potasio, polo que a recomendan aos nefríticos, cardíacos, hipertensos, artríticos e reumáticos. Tamén contén importantes cantidades de ferro, manganeso, cobre, iodo, fósforo e calcio. Pero é preciso mastigala ben para que na súa asimilación evite a formación de gases.

VOCABULARIO:

CASTIÑEIRO, CASTAÑEIRO/A, SOUTO, CANDEA, OURIZO, TIXOLO, BULLÓ OU BULLOTE, MIRRADA, TALOIRA, BAREXAR, DEBULLAR, MAIA OU PILONGA, ZONCHO, CALDUDAS, FIUNCHO, ETC.

ACTIVIDADES NO MAGOSTO

Temos a oportunidade de que o noso alumnado aprenda a coñecer esta actividade tan nosa, facendo arte con cousas que nos ofrecen os castiñeiros: follas, ourizos, castañas. Podemos crear con estes elementos colares, esculturas, sombreiros, edificios, xoguetes, cadros, diademas, etc, todo aquilo que se lles ocorra en colaboración cos seus fillos e fillas. Eses momentos serán os que máis lembren cando sexan maiores. Sabemos que é un esforzo pero ten a súa recompensa.



Moitas grazas pola súa axuda e colaboración.

Nos blogs : ofiadeirodoseis.blogspot.com e
atlasdossonhos.blogspot.com

Tedes ligazóns interesantes para traballar o magosto.